



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZAOITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 30)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. Alejandro Maseda Mallo

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaeito de agosto de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Ante a ausencia do Secretario Xeral, actúa de Secretario substituto o Secretario-Interventor D. Alejandro Maseda Mallo, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día once de agosto de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 12 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA NAS ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

1.- Acordo de Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021, con CSV: IV7E4SJ3YAWIUS42UIHH4UTPEY, polo que se adxudican o lote 12 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Vazper 3 S.L.

2. Formalización do contrato, datada o día 15 de xullo de 2021 (CSV: IV7EY7C3AF47V6XYYN54H26GQ).

3.- Resolución da Presidencia do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se aproba a prórroga contractual (CSV: IV7BSKBYN4007J064MQSENSTGE).

4.- Escrito presentado o día 26 de xuño de 2023 (RXE nº 2023RPE012986) por D. Manuel Vázquez Pardo, en representación de Vazper 3 S.L., en calidade de cedente e D. José María Vázquez Piñeira, en calidade de cesionario; no que se interesa a cesión do contrato a favor de D. José María Vázquez Piñeira.

5.- Informe do responsable do contrato do 29 de xuño de 2023 (CSV: IV703XH4BZW2TKF6A5FRE5C7DY).

6.- Acordo da Xunta de Goberno do día 21 de xullo de 2023, polo que se autoriza a cesión do contrato das prestacións determinadas no lote 12 a favor de José María Vázquez Piñeira, quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 42.825,63 €, condicionando a súa eficacia ao cumprimento dos seguintes requisitos: Que o cesionario achegue escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.



Que acheguen resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 3.539,31 €

7.- Escritura pública presentada pola empresa o día 8 de agosto de 2023 (2023RPE015061) e garantía definitiva por importe de 3.539,31 € (expediente administrativo 2023/XEN_01/002140).

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de Goberno con data de 03 de setembro de 2021, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3, baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria, no que aporta escritura de subrogación de contrato administrativo (escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia Juan J. López Yáñez, o 8 de agosto de 2023, con número de protocolo 2812).

Garantía definitiva depositada polo cesionario (expediente administrativo 2023/XEN_01/002140).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público e constituída a garantía polo cesionario, procederase á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente (artigo 111.4 da LCSP).

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data 21 de xullo de 2023.

Polo antedito, proponse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte acordo:

1º.- Dar por cumprimentados os requisitos impostos con data 21 de xullo de 2023 na autorización da cesión das prestacións determinadas no lote 12 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por Vazper 3 S.L. (Expediente 121/PES/11571.Nº operación 320210008664)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/009, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/009, correspondente á Agrupación Aldea de Abaixo as obras de “Reparación e Mantemento depósito de Auga”, concedéndolle unha subvención por importe de 4.916,96 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 17 de xullo de 2023 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.458,48 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- Aladino Couso Carreira con nº NIF ***3640**, sendo o representante da Agrupación Aldea de Abaixo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Aladino Couso Carreira con nº NIF ***3640**, sendo o representante da Agrupación Aldea de Abaixo (Riotorto), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/009, destinada ás

obras de “Reparación e mantemento depósito de auga” por un importe de 4.916,96 €, así como o aboamento de 2.458,48 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/097, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/097, correspondente á AA.VV. A Caxigueira, as obras de “Adecuación firme pista que une Mirandela coa estrada LU-P-0502”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- José Manuel Reguera Pereira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. A



Caxigueira (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/097, destinada ás obras de “Adecuación firme pista que une Mirandela coa estrada LU-P-0502” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

6.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.